



CCOO INFORMA

PLAN DE RESCATE PARA PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS

Quen pode solicitar a axuda?

As persoas autónomas dadas de alta no RETA ou réxime especial do mar como persoas autónomas por conta propia con domicilio fiscal en Galicia.

As persoas autónomas encadradas nun sector cunha actividade que estivera especialmente paralizada poderán acceder a unha axuda específica. Enténdese como «actividade paralizada»:

- O lecer nocturno, as salas de concertos, cafés-concerto, karaokes, pubs e análogos.
- As relacionadas coas atraccións de feiras (comercio alimentación, téxtil, comida e bebida, outros produtos de mercados) e azar e apostas.
- As seguintes actividades: taxi, transporte marítimo de pasaxeiros e por vías navegables interiores, comidas preparadas para eventos, cines, axencias de viaxes, operadores turísticos e servizos relacionados, organización de convencións, artes escénicas e auxiliares, salas de espectáculos, parques de atraccións e temáticos e outras actividades recreativas.

Requisitos

- Persoas traballadoras autónomas de alta no RETA ou no réxime de traballadores do mar como traballadores/as por conta propia e que teñan o domicilio fiscal en Galicia.
- Ter recoñecido o cesamento ordinario ou extraordinario de actividade regulado no Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, de medidas sociais en defensa do emprego (BOE núm. 259, do 30 de setembro).

Contía das axudas

- 1200 € para as persoas traballadoras autónomas dadas de alta no RETA ou réxime especial do mar como persoas autónomas por conta propia con domicilio fiscal en Galicia.
- 2000 € para as persoas traballadoras autónomas encadradas en sectores cunha actividade que estivera especialmente paralizada.

Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 18 de decembro de 2020.

Presentación de solicitudes

- Obrigatoriamente por medios electrónicos, a través do formulario normalizado dispoñible como anexo I na sede electrónica da Xunta <https://sede.xunta.gal>.
- A solicitude vai acompañada dunha declaración responsable de obrigado cumprimento.
- O prazo máximo para que se resolva e notifique é dun mes.

Principais obrigas das persoas beneficiarias

- a) Estar ao día nas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social.
- b) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación.
- c) Adoptar as medidas adecuadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas.
- d) Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección.
- e) Manter a actividade durante un tempo mínimo de dous meses desde a publicación desta orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.
- f) Presentar os indicadores de resultado inmediatos, segundo o modelo que estará á súa disposición na páxina web da Consellería de Emprego e Igualdade.

Mais información

- Esta axuda será compatible con outras que poidan outorgar as Administracións públicas.
- DOG núm. 233, mércores, 18 de novembro de 2020:
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20201118/AnuncioG0599-171120-0004_gl.html
- Sede electrónica: código de procedemento TR400A.

**Secretaría de Emprego e Previsión Social
Sindicato Nacional de CCOO de Galicia**